

1SECRETARIA XERAL DE INSTITUCIONS PENITENCIARIAS

Subcomisión Paritaria IIPP

23.11.23

A reunión é presidida polo Subdirector Xeral de Recursos Humanos. Resumen dos puntos tratados.

POSIBILIDADE DE IDENTIFICAR EN RPT AQUELAS PRAZAS AS QUE SE ASIGNA HORARIO DE TARDE.

Por parte de CIG plantease a necesidade de identificar nas RPT aquelas prazas as que se lle asigne un horario de tarde, para evitar as situacions que se xeneran nos centros, principalmente, cas persoas que se incorporan procedentes de OEP e do CAP. Tratase dun horario que afecta seriamente a vida familiar e a conciliación e consideramos que os traballadores deberían saber con antelación se a praza que están solicitando leva aparellado ese horario.

Esta identificación das plazas de turno de tarde aparece na RPT da mayoría de organismos da AGE.

Por parte da Administración responden que estudiarán a proposta e responderán nas próximas reunions.

XUBILACIÓN PARCIAL.

Ante o retraso da formalización dlos contratos de relevo, a Administración insiste en que sobre o terceiro grupo de contratos que se remitieron á intervención delegada de Facenda, fai varios meses, tiverón que aportar documentación complementaria que requiriron ,e ese é o motivo do retraso. Esperan que en breve se proceda a contratación dos relevistas, ainda que unha parte dos traballadores e traballadoras que os solicitaron xa se xubilaran con carácter definitivo, debido a demora deste proceso. Tamén continúan producindose renuncias tanto de solicitantes da xubilación parcial, como das persoas seleccionadas para o contrato de relevo.

OEP 2021/2022

A Administración non recibiu por parte de Función Pública petición de prazas a incluir nas próximas ofertas de emprego.

COMPLEMENTO DEL SIGLO XXI

Na nómina de novembro pagase a todos los traballadores e todas las traballadoras, os atrasos do Complemento do seculo XXI. Informannos que o incremento correspondente ó ano 2024, e actualizárase en xaneiro do 2024 xunto coa subida anual.

En canto ó persoal dependiente da Entidade Estatal, están a esperas da finalización dos trámites en Función Pública que permitan facer efectivo o acordo do seculo XXI ó persoal da Entidade. Esperan poder finalizar o proceso antes de que finalice o ano e abonar os atrasos a este persoal.

ABONO DE ATRASOS DO NOVO SISTEMA COMPLEMENTARIO, EN POSTOS QUE NON SE ENCONTRABAN OCUPADOS EN XANEIRO DO 2022.

Temos un total de 623 postos ós que no se pudo facer o abono derivado do novo acordo do sistema complementario, ó ser postos que non se encontraban ocupados en xaneiro do 2022 e non se puideron encadrar. Actualmente unha boa parte distos postos xa se encontran ocupados, e os traballadores e traballadoras no recibiron os atrasos. Informannos que xa elevou a COPA e a CECIR o correspondente expediente solicitando a regularización disa situación, e están esperando a resposta.

SITUACIÓN DA RECLASIFICACIÓN DO PERSONAL DE LAVANDERÍA DO ANTIGO G4 O E2.

Tivose que volver a enviar a Función Pública o expediente para o encadramento deste colectivo, debido a que non se tiña resposta e non se sabía en qué situación quedara a anterior petición. Non saben qué tempo se demorará. Estos compañeiros e compañeiras ainda non foron encadrados e non percibieron ningun dos atrasos que lles corresponden desde fai anos.

COMPENSACIÓN POLO REMANENTE DE PRODUCTIVIDADE QUE O PERSONAL LABORAL NON RECIBE.

A administración informa que vai a proceder como en anos anteriores e vai a conceder dous días de libre disposición ó persoal laboral en compensación á productividade que non se autoriza a que percibamos por parte da CECIR.

Propónese que se compense con tres xornadas en vez de duas.

SITUACIÓN DOS CONTRATOS DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL.

Desde a Administración informannos que resultou un proceso moi complicado no que se tiveron que realizar modificacions presupuestarias e sumallas á subvención recibida da UE. Esperan poder resolver pronto os problemas de xestión, ainda que son conscientes da dificultade de levar a cabo despois as contratacions, xa que, hai moitas probabilidades de que as circunstancias dos aspirantes teñan cambiado e non poidan ser contratados.

Pontevedra 23 de novembro de 2023.